# REVISTA GALEGA DO ENSINO

A *Revista Galega do Ensino. EDUGA* (*RGE*) edítase en formato dixital e con carácter semestral (nos meses de xuño e decembro).
Orienta a edición ao coñecemento da educación en calquera das súas áreas disciplinares e aodesenvolvemento profesional das funcións pedagóxicas.

A *RGE* acepta traballos de teoría, investigación activa e práctica adaptados ás diversas seccións de queconsta.

**INVESTIGACIÓN**

Acolle artigos de especialistas de recoñecido prestixio que desenvolven a súa actividade en universidades ou centros de investigación e cuxas liñas de investigación inciden directamente pola súa relevancia e actualidade no ámbito educativo.

**EXPERIENCIAS**

Acolle traballos descritivos sobre actividades propias do exercicio dunha función pedagóxica que promovan aprendizaxes e incidan na formación integral do alumno.

**FORO**

Acolle colaboracións en que autores, cun fondo coñecemento da realidade educativa e unha acreditada solvencia profesional, expresan a súa opinión sobre temas actuais ou fan partícipe á comunidade educativa de aportacións didácticas innovadoras.

**ENTREVISTA**

Acolle, baixo o formato de entrevista, conversas con profesionais de sona que permiten aos lectores profundar nun tema obtendo directamente unha valiosa información.

**A NOSA ESCOLA**

Acolle colaboracións que teñen a historia da escola galega como suxeito de atención.

Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades
Revista Galega do Ensino
San Caetano, s/n - 15781 Santiago de Compostela
Teléfonos: 981184774 / 881997096
eduga@edu.xunta.gal
www.edu.xunta.es/eduga

## QUE É

Sección informativa en que se ofrecen datos básicos (composición, funcións, tarefas que desenvolven,contacto) de asociacións, fundacións, movementos de renovación pedagóxica, etc. cuxo traballo está vinculado ao ámbito educativo.

## FORMACIÓN

*Enfoques*

Colaboracións de expertos destacados en formación do profesorado que reflexionan sobre o panorama educativo e a profesión docente.

*Proxeccións*

Experiencias docentes que proxectan a formación recibida polo profesorado e inclúen reflexións sobre os cambios introducidos e as súas repercusións na comunidade educativa.

*Ampliacións*

Propostas de lecturas profesionais que motiven para seguir aprendendo.

## INNOVACIÓN

*Plan Proxecta*

Acolle proxectos levados a cabo polos centros educativos, no marco do Plan Proxecta da Consellería de Cultura, Cultura e Ordenación Universitaria, que foron recoñecidos nesta convocatoria polo seu carácter innovador, actualidade e relevancia pedagóxica.

*Contidos educativos*

Os artigos desta sección están relacionados con obxectos dixitais educativos publicados no repositorio de contidos do espazoAbalar. Os/as asesores/as de contidos do CAFI proporán a creación do artigo aos/ás autores/as daqueles recursos de comprobada calidade previa experimentación na aula.

*Outros*

Acolle proxectos levados a cabo polos centros educativos, no marco dos diversos plans e programas promovidos pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, que destaquen polo seu carácter innovador, actualidade e relevancia pedagóxica.

**BIBLIOTECAS**

Acolle artigos relacionados coas bibliotecas escolares, como instrumento fundamental dos centros para apoiar os procesos de aprendizaxe, así como o desenvolvemento do currículo e dos Proxectos Lectores de Centro. Incluiranse experiencias de calidade en relación co fomento da lectura entre os distintos sectores da comunidade educativa, e boas prácticas na incorporación de metodoloxías activas, con carácter interdisciplinar, que busquen a adquisición das competencias básicas do alumnado.

Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades
Revista Galega do Ensino
San Caetano, s/n - 15781 Santiago de Compostela
Teléfonos: 981184774 / 881997096
eduga@edu.xunta.gal
www.edu.xunta.es/eduga